



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Rehabilitación das deficiencias auditivas	Código	652G04020	
Titulación	Grao en Logopedia			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	Lodeiro Fernández, Leire	Correo electrónico	leire.lodeiro@udc.es	
Profesorado	Lodeiro Fernández, Leire	Correo electrónico	leire.lodeiro@udc.es	
Web	https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/7N78E			
Descrición xeral	Trátase dunha materia obrigatoria de 2º cuatrimestre que se imparte os martes e venres en horario de mañá. O obxectivo xeral desta materia é que o alumnado coñeza as liñas fundamentais de intervención logopédica na discapacidade auditiva ao longo do ciclo vital.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A8	Coñecer os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico.
A17	Coñecer e realizar a intervención logopédica nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, atrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, a deficiencia mental, o trastorno xeneralizado do desenvolvemento, os trastornos do espectro autista, a parálise cerebral infantil e as plurideficiencias; os trastornos específicos da linguaxe escrita; as discalculias; as alteracións no desenvolvemento da linguaxe por privación social e as asociadas a contextos multiculturais e plurilingüismo; os trastornos da fluidez da fala; as afasias e os trastornos asociados; as disartrias; as disfonías; as disglorias; as alteracións da linguaxe no avellentamento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo e as inhibicións da linguaxe; as alteracións das funcións orais non verbais: deglución atípica, disfagia e alteracións tubáricas.
A25	Coñecer a organización de institucións educativas, sanitarias e sociais.
A26	Adquirir un coñecemento práctico para a avaliación logopédica.
A27	Realizar a planificación estratéxica da intervención logopédica.
B1	Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B16	Resolver problemas de forma efectiva.
B24	Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
Coñecer os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico da deficiencia auditiva			A8
Coñecer e realizar a intervención logopédica na deficiencia auditiva			A17
Coñecer a organización de institucións educativas, sanitarias e sociais.			A25
Adquirir un coñecemento práctico para a avaliación logopédica.			A26
Realizar a planificación estratéxica da intervención logopédica.			A27
Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.			B1
Resolver problemas de forma efectiva.			B16
Traballar en equipo e, no seu caso, de forma interdisciplinar.			B24
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.			C6



Contidos	
Temas	Subtemas
1. DEFICIENCIA AUDITIVA	1. Concepto e aspectos básicos da deficiencia auditiva 2. A deficiencia auditiva nas distintas etapas da vida 3. Detección da deficiencia auditiva. Fundamentos do proceso de valoración e diagnóstico.
2. BASES DA INTERVENCIÓN NO NENO CON DEFICIENCIA AUDITIVA	1. Características e desenrolo do neno xordo 2. O papel da familia no desenrolo e na estimulación da linguaxe 3. Enfoques e métodos de intervención 4. Intervención temperá 5. Aspectos didácticos da escolarización 6. Trastornos asociados á deficiencia auditiva. Sordoceguera.
3. BASES DA INTERVENCIÓN NO ADULTO CON DEFICIENCIA AUDITIVA	1. Características da deficiencia auditiva no adulto e no envelhecimento 2. Obxectivos e enfoques da intervención
4. DISPOSITIVOS DE AXUDA PARA AS DEFICIENCIAS AUDITIVAS	1. Implantés cocleares 2. Prótesis auditivas ou audífonos 3. Dispositivos auxiliares
5. REHABILITACIÓN AUDITIVA PARA A ADAPTACIÓN PRÓTÉSICO-AUDITIVA EN NENOS E ADULTOS	1. Programación e preentrenamento para a adaptación de implantés cocleares 2. Rehabilitación/habilitación auditiva para a adaptación de prótesis e implantés cocleares en nenos 3. Rehabilitación/habilitación auditiva para a adaptación de prótesis e implantés cocleares en adultos 4. Resultados
6. SOFTWARE E OUTROS RECURSOS INFORMÁTICOS DE APOYO Á INTERVENCIÓN/REHABILITACIÓN DA DEFICIENCIA AUDITIVA	1. Programas informáticos de Rehabilitación/habilitación auditiva 2. Outros programas informáticos de apoio á intervención na deficiencia auditiva 3. Páxinas web e enlaces de interés

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A8 A25	1	1	2
Sesión maxistral	A17 A26 A27 B1 C6	16	0	16
Presentación oral	B24	3	12	15
Recensión bibliográfica	A8 A17 A26	1	2	3
Traballos tutelados	A17 A27 B16 B24	9	90	99
Proba obxectiva	A8 A17 A25 A26 A27 B1 B16 C6	1	0	1
Estudo de casos	A8 A26 A27 B16 B24	6	0	6
Resumo	A8 A17 A25 A26 A27 B1	1	3	4
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levará a cabo antes de iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar



Sesión maxistral	Exposición oral do profesor complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Presentación oral	Exposición verbal do alumno sobre un tema. Require un traballo previo de elaboración do contido e da metodoloxía da presentación.
Recensión bilbiográfica	Lectura crítica de artigos. Comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema e á opinión propia.
Traballos tutelados	Elaboración de material de intervención a partir das pautas facilitadas polo profesor. O obxecto deste punto é fomentar a autonomía do alumno na preparación de material de intervención, aspecto fundamental no futuro exercicio profesional.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. A Proba obxectiva poderá combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de resposta breve e de desenvolvemento sobre un tema, etc.
Estudo de casos	Partindo da descrición da situación dun caso facilitada polo profesor, o alumno debe ser capaz de analizar os feitos para chegar a unha decisión razoada de análise do proceso.
Resumo	Elaboración de síntese dos principais contidos traballados. É unha axuda importante para o repaso e a preparación de exames.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	A atención personalizada nestas actividades ten o obxecto de orientar e guiar ó alumno no proceso de ensinanza/aprendizaxe. Por outro lado, é unha fonte de información do profesor para coñecer o punto de aprendizaxe onde se atopan os alumnos e así poder incidir nos aspectos precisos para que os alumnos acaden os coñecementos da asignatura. Ademáis o alumno dispón de atención personalizada no horario de tutorías.
Presentación oral	
Recensión bilbiográfica	
Traballos tutelados	
Estudo de casos	
Proba obxectiva	

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Presentación oral	B24	Valora o aprendizaxe de coñecementos adquiridos sobre o tema e a capacidade de defendelos e expoñelos.	2.5
Recensión bilbiográfica	A8 A17 A26	Valora a capacidade de relacionar os coñecementos do alumno co contido do texto.	2.5
Traballos tutelados	A17 A27 B16 B24	Valora a capacidade de elaboración de material de intervención para o futuro exercicio profesional.	10
Estudo de casos	A8 A26 A27 B16 B24	Valora o aprendizaxe adquirido na resolución de casos clínicos plantexados durante as clases interactivas e expositivas.	2.5
Proba obxectiva	A8 A17 A25 A26 A27 B1 B16 C6	Valora os coñecementos e destrezas adquiridas sobre a asignatura.	80
Resumo	A8 A17 A25 A26 A27 B1	Valora a capacidade de síntese dos aspectos fundamentais do contido da asignatura	2.5
Outros			

Observacións avaliación



Para

superar a materia é condición necesaria aprobar a Proba Obxectiva (exame), polo que os traballos non puntuarán ata que o exame estea aprobado (polo menos un 5 sobre 10).

Ademais

destes 5 aspectos (presentación oral, recensión bibliográfica, traballos tutelados, proba obxectiva e resumo), tamén poderá influír na puntuación o grao de implicación do alumno na materia (asistencia, participación, interese, destrezas adquiridas etc.) podendo variar ata 0.15 puntos na nota final para aqueles que, superando o Exame Oficial, están próximos ao momento de corte de cada cualificación.

A

asistencia ás clases é primordial para comprender a materia, máis aínda ás clases interactivas cuxo contido tamén é materia de exame.

ESPECIFICACIÓNS

ADICIONAIS:

1. Aplicaranse os mesmos criterios avaliadores á 2ª convocatoria que á 1ª convocatoria.
2. Os traballos serán entregados na mesma data por parte de todo o alumnado, caso de non entrega, non puntúan.
3. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, implicará directamente a cualificación de suspenso con nota numérica 0 (seguindo o artigo 11, apartado 4b do Regulamento disciplinar do estudantado da UDC)
4. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, será avaliado cos mesmos criterios que o resto do alumnado tendo que levar a cabo os mesmos traballos e, aqueles que sexan en grupo, deberán integrarse co resto do alumnado para a súa realización.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Cecilia Tejedor A (2004). Aprendiendo a oír manual práctico de educación auditiva para la adaptación de prótesis e implantes cocleares. Madrid - Ramirez Camacho R (2005). Conocer al niño sordo. Madrid. CEPE - Jiménez MJ, López M (2003). Deficiencia Auditiva. Evaluación, intervención y recursos psicopedagógicos. Madrid. CEPE - Ling D (2006). El maravilloso sonido de la palabra: programa auditivo-verbal para niños con pérdida auditiva. México. Trillas - Buceta Cancela MJ (2000). Estimulación temprana en el niño sordo. Santiago de Compostela. Nino - Herrán Martín B (2005). Guía técnica de intervención logopédica en implantes cocleares. Madrid. Síntesis - Amat MT (2002). Implante coclear cuaderno de ejercicios de rehabilitación. Barcelona. Asociación de implantados cocleares de España - Manrique Rodríguez MJ (2002). Implantes cocleares. Barcelona. Masson - Furmanski HM (2003). Implantes cocleares en niños rehabilitación auditiva y terapia auditiva verbal. Barcelona. Nexos - Datta G (2007). Implantes cocleares para niños pequeños sordos: las primeras palabras. Pamplona. EUNSA - Bonet Agustí M (1993). Manual de rehabilitación del sordo adulto. Barcelona. Masson - Silvestre Benach N (1998). Sordera comunicación y aprendizaje. Barcelona. Masson - Colegio La Purísima para niños sordos (2006). SEDEA: Programa Secuenciado de Desarrollo Auditivo. Onda Educa - Monsalve González A (2011). Guía de intervención logopédica en las deficiencias auditivas. Madrid: Síntesis - (). .
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Peñalosa Y (2006). Función, descripción y adaptación de auxiliares auditivos. México. Trillas - Wayne O (2005). Guía de la Clínica Mayo sobre audición. México. Trillas - Acosta V (2006). La sordera desde la diversidad cultural y lingüística. Barcelona. Masson - Sánchez Casado I (2002). La sordoceguera. Badajoz. Diputación Provincial de Badajoz - Salesa E, Perelló E, Bonavida A. (2005). Tratado de audiología. Barcelona. Masson <p>Recursos en línea: "acuaudio"</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Patoloxía da audición. voz e deglución/652G04015

Audioloxía clínica/652G04018

Materias que continúan o temario

Anatomía dos órganos da audición e a linguaxe/652G04001

Fundamentos de intervención logopédica/652G04005

Observacións

GREEN CAMPUS: Para axudar a conseguir un entorno inmediato sustentable e cumprir co obxectivo estratéxico 2 do "V Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2023-2025)", os traballos documentais que se realicen nesta materia: 1. Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático. 2. De realizarse en papel: Non se empregarán plásticos Realizaranse impresións a dobre cara Empregarase papel reciclado Evitarase a realización de borradores

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías